

COMISIÓN DE PERSOAL ORDINARIA

Santiago de Compostela 10/01/2022

Tratáronse as seguintes modificacións de RPT

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA

UGT: abstención CIG: en contra. CCOO: abstención CSIF: a favor.

SENTIDO DO VOTO DE UGT:

Valoramos **negativamente** a forma de provisión por libre designación da Xefatura de Negociado de Coordinación. A única xustificación ao respecto da “responsabilidade pola información especialmente reservada da Presidencia que vai tratar” redunda no xa recollido no apartado ñ do Artigo 74 de Deberes e código de conduta dos empregados públicos da Lei 2/2015 do 29 de Abril do Emprego Público de Galicia que establece, entre outras, a obriga de gardar segredo sobre as materias clasificadas e as demais de difusión prohibida legalmente.

Consideramos polo tanto que hai un **abuso de interpretación** da norma que efectivamente posibilita o uso desta ferramenta.

Estamos de acordo co incremento lineal do complemento específico diferencial na Casa de Galicia en Madrid, pero consideramos que non foi acreditado nin suficientemente explicado o porqué da fixación desa cantidade, que suporá 200 euros máis ao mes para as persoas perceptoras. Gustaríanos ter recibido información máis detallada do método de análise e das variables económicas utilizadas para chegar a esa cantidade.

En todo caso non podemos aceptar que o financiamento do referido complemento veña financiado pola amortización de postos da ATURGA

AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA

UGT: a favor CIG: a favor. CCOO: a favor CSIF: a favor

SENTIDO DO VOTO DE UGT:

Valoramos **moi positivamente** o proceso de **negociación** levado a cabo polas persoas responsables da Axencia, tanto a nivel da información administrativa proporcionada como polo claridade expositiva e argumentos que motivaron a proposta de modificación da RPT.

FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.

UGT: abstención CIG: en contra. CCOO: a favor CSIF: en contra

A modificación proposta **si fose votada de forma separada** merecía o **voto a favor** desta organización, polo **incremento de postos** de traballo da Dirección Xeral da Función Pública, moi necesarios para o desenvolvemento da carga de traballo que ten este órgano directivo, que por outra banda foi reclamado de forma reiterada por **UGT** en cada unha das modificacións propostas ao longo dos últimos anos.

Non obstante o **uso abusivo**, ao noso criterio da Resolución de febreiro de ano 2016, que permite a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de **libre designación**, fai que, nesta proposta, un 20% dos postos sexan configurados como de libre designación, que as **aperturas a outras administracións** cheguen ao 18%, dentro das que o 17,19% están abertas a **A11** (52 no A1 e 9 no C2), parécenos un uso excesivo da potestade, que sen dúbida lle corresponde a quen ten a competencia para elo.



AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

UGT: a favor

CIG: en contra.

CCOO: abstención CSIF: a favor

UGT valora **positivamente** a **incorporación de dúas das propostas alegadas** pola nosa Organización: A **retirada da supresión/amortización da praza de lavandería** no CSHG e a **apertura á Escala de Inspección Turística da Xefatura de Área de Turismo Termal**.

OUTRAS CUESTIÓNS TRATADAS NA MESA XERAL E COMISIÓN DE PERSOAL

– Anuncia a reunión do venres ao respecto de:

- Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública, pola que se modifica a Orde do 20 de decembro de 2013, conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, así como a Resolución conxunta do 8 de agosto de 2014, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral da Función Pública, no relativo a flexibilidade horaria por motivos de conciliación familiar de acordo co establecido na Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico da Galicia.
- Proxecto de Orde pola que se modifica o Anexo do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia

– Listado provisional de baremación dos procesos selectivos de BBFF:

UGT reclamou o luns pasado que fose revisado a listaxe na súa totalidade, por ter constancia de que hai numerosos erros e podería supoñer un sen fin de reclamacións (son aproximadamente 2.000 persoas as baremadas), o que levaría a unha prolongación da finalización de procesos que xa de por si van retrasados na súa execución.

UGT onte, en Mesa Xeral, apuntamos como unha das posibles causas dos erros o feito de que se teña valorado como tempo de traballo efectivo a xornada completa a persoas que teñen sentencia de indefinición, en lugar de valorar os 3, 4, 5 ou 6 meses que lles poidan corresponder.

Responde hoxe, na Comisión de Persoal, que efectivamente ao parecer temos razón e que moi posiblemente se van a revisar as puntuacións.

– RPT de Sanidade:

Estase nestes momentos traballando nela, na Consellería de Sanidade e na Consellería de Facenda.

– Integración do CSHG:

Responde que falarán con Presidencia a ver si procede poñer en marcha o procedemento ou non.

– Carreira profesional e complemento de desempeño:

Onte, en Mesa Xeral, anunciou que hoxe sairá publicado en DOG a ampliación do prazo para resolver, en 3 meses máis, segundo se explica pola gran cantidade de solicitudes por fora do sistema e que o FIDES, en desenvolvemento, non considerou todos os criterios de avaliación que recolle a norma.

– Procesos de funcionarización pendentes:

Pretenden convocala neste semestre.



– **Persoal que está a realizar o curso selectivo de C2:**

Formulamos queixa ao respecto do traballo realizado durante a realización das mesmas, e que non se ve reflectido na nómina, facendo fincapé nas incongruencias que contén a Resolución que convoca o curso selectivo. A resposta é que cobrarán como postos en prácticas.

– **Promoción Interna:**

Preguntado por si non ten previsto convocar a promoción interna ofertada, responde que non se abrirán máis procesos selectivos ata ir pechando os abertos.

– **Proceso selectivo de persoal subalterno:**

Intentarán que a semana que ven se publique o buzón de postos.

– **Mantemento de trienios perfeccionados como persoal laboral temporal das persoas que aproban ope de persoal funcionario:**

Esta semana UGT presentou escrito a Función Pública neste sentido e requirimos contestación. A resposta é que se conservarán os trienios na contía que o teñen perfeccionado e o primeiro trienio que perfeccionen será xa como persoal funcionario.

– **Preguntamos polas prazas de fisioterapia que saen a elección de destino, como resultado da ope social, e que están na Consellería de Educación. Consideramos que hai erro na valoración das persoas e que non se mantén o criterio informado na reunión coa Subdirección Xeral de Provisión, o 4 de novembro pasado, na que se aludía a o informe do 7 de marzo de 2022, da Consellería de Política Social, sobre as actividades que se debían incluír no Catálogo de servizos sociais. Entendemos que non se seguiu ese criterio e que polo tanto hai persoas que van a ver mermados os seus dereitos na baremación.**

– **Servizo de Gardacostas:**

Queríamos saber si existe algún tipo de apercibimento pola non cobertura de postos, desde outras institucións e organismos. Consideramos que se debe proceder á cobertura de postos que ampare calquera eventualidade (ITs, vacacións, etc.) que impida ter a dotación mínima (patrón, mecánico e vixilante-mariñeiro) para que as embarcacións das Unidades Operativas podan realizar a súa función con carácter ordinario, non tivemos resposta en Mesa Xeral, non había ningún representante da Consellería do Mar.

Na Comisión de Persoal de hoxe a resposta á pregunta realizada de novo, foi que se atenderá a nosa pregunta.

